

Ortigueira



20 anos agardando pola Xunta de Galiza para facer a vía de alta capacidade VAC Costa Norte

“O Ortegal non pode seguir castigado polo abandono e a falta de investimentos. É hora de actuar.” Marco Schaal, portavoz municipal do BNG



Marco Schaal, portavoz municipal de Ortigueira, co deputado do BNG, Xosé M. Golpe

O BNG de Ortigueira demandará do goberno do PP na Xunta de Galiza a **execución inmediata da Vía de Alta Capacidade (VAC) Costa Norte**, unha infraestrutura prometida hai máis de vinte anos e que **continúa sen avances reais**.

O portavoz municipal do BNG, **Marco Schaal**, lembrou que esta vía é **clave para garantir unha conexión segura e moderna entre o Ortegal e o resto do país**, mais “segue sendo unha promesa incumplida elección tras elección”.

“Levamos ao pleno unha proposta clara e concreta para que a Xunta pase das palabras aos feitos –sinalou Schaal–. O Ortegal non pode seguir pendente de anuncios baleiros. É hora de actuar e garantir unhas comunicacións que favorezan o desenvolvemento económico e social da comarca.”

Desde o BNG subliñan que o **abandono da VAC Costa Norte exemplifica a falta de compromiso do PP coa comarca do Ortegal**, e advirten que esta situación contribúe directamente ao **illamento territorial e ao declive demográfico que sofren concellos como Ortigueira**.



As mulleres merecen ter presenza no rueiro de Ortigueira e retirar a simboloxía e nomes franquistas

O BNG presentou unha iniciativa que busca avanzar cara a unha vila máis xusta e democrática, retirando a simboloxía franquista aínda presente no concello e promovendo a igualdade tamén no rueiro.

A proposta inclúe a retirada do nome de Eugenio López López, figura vinculada á ditadura franquista, e a súa substitución polo dunha muller, e así recoñecer a contribución das mulleres á historia e identidade do municipio, ben sexa unha muller con vinculación con Ortigueira ou con Galiza.

Actualmente, no rueiro da vila de Ortigueira ningunha das 36 rúas leva nome de muller, sendo a única excepción a praza de Isabel II, que ademais carece de vinculación con Ortigueira. Para o BNG esta situación debe ser



corrixida con decisións que reflectan unha sociedade máis igualitaria, xusta e comprometida coa memoria.

Ademais, a moción propón inventariar e eliminar as placas e emblemas franquistas que seguen ~~visibles~~ visíbeis en edificios de Ortigueira e Espasante, ofrecendo colaboración municipal ás persoas propietarias para a súa substitución por elementos neutros.

Melloras urxentes na liña do antigo FEVE

O BNG reclamou desde Ortigueira, baixo o impulso do deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, unha modernización integral da antiga FEVE, tras o incidente do 10 de xullo pasado no tren turístico Costa Verde Express, que interrompeu o servizo entre Ferrol e Ortigueira.

A infraestrutura ferroviaria está nun estado de abandono: material obsoleto, mantemento insuficiente e frecuencias que non se adaptan ás necesidades da veciñanza. Como explica Rego: “este novo incidente é unha mostra máis do abandono sistemático da liña de ancho métrico...”

Resulta esencial que esta liña pase a funcionar como un servizo de proximidade: trens seguros, frecuentes e accesíbeis, non só orientados ao turismo, senón ao transporte diario da nosa veciñanza.



Néstor Rego, deputado do BNG no Congreso

Con esta iniciativa, reforzamos o noso compromiso de vertebración territorial, transporte sustentábel e defensa dun **servizo público ferroviario que conecte as comarcas do norte galego.**

O BNG denuncia o abandono da comarca do Ortegal p~~er~~ polo goberno do PP na Xunta de Galiza

O deputado do BNG, Mon Fernández, denunciou no Parlamento galego a situación de abandono absoluto do Ortegal por parte do goberno do PP na Xunta de Galiza e o incumprimento reiterado dos compromisos orzamentarios coa vía de Alta Capacidade Costa Norte, un proxecto que debía estar rematado no ano 2007 e que, vinte anos despois, segue practicamente sen avances.



Mon Fernández, deputado do BNG

Fernández advertiu: “O Partido Popular leva décadas xogando co territorio, deixando á comarca illada e sen conexións seguras, un auténtico castigo para os veciños e veciñas”.

O deputado reclamou que os orzamentos de 2026 inclúan partidas efectivas e prazos concretos para a VAC, porque o Ortegal merece infraestruturas, futuro e dignidade.

Contra os abusos e o desleixo do PP no Servizo de Axuda no Fogar (SAF)



Fani Pérez, responsábel local coa portavoz nacional, Ana Pontón

O BNG asinou colectivamente a petición dun pleno extraordinario para **abordar a situación laboral do persoal auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)**, tras as **denuncias** do comité de empresa sobre **xornadas abusivas, incumprimento de descansos e falta de diálogo** por parte do goberno local.

Fani Pérez, responsábel local do BNG, sinala: “que o BNG estará ao lado das traballadoras até que se cumpran as súas reivindicacións”, e criticou a postura de desleixo que adopta o goberno municipal do PP.

Defensa dos servizos públicos e apoio ás traballadoras do SAF

O BNG estivo presente na concentración convocada polo comité de empresa do Concello para denunciar a situación laboral do persoal do Servizo de Axuda no Fogar e reclamar condicións dignas e respecto polos dereitos laborais. Desde o BNG reiterouse o compromiso coa defensa dos servizospúblicos e coas traballadoras que sustentan a atención ás persoas máis vulnerábeis do municipio.



Solidariedade con Palestina e contra o xenocidio



O BNG de Ortigueira sumouse á concentración para pedir a Paz e a liberdade en Palestina convocada polo CSI-Ortegal en Ortigueira e tamén ás máis de corenta convocatorias celebradas en todo o país pola Coordinadora Galega de Solidariedade coa Palestina.

SABÍAS QUE...

- ★ O goberno do PP está a ignorar unha sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que reconece aos profesores da Escola de Música Municipal como Grupo 2 profesional e ordénalle pagar máis de 20.000 euros en diferenzas salariais. As novas bases aprobadas polo Concello manteñen categorías inferiores, perpetuando a precariedade e arriscando multas e condenas económicas para a veciñanza.
- ★ En outubro celebráronse en Ortigueira tres plenos extraordinarios en poucas semanas, aumentando os custos e a carga administrativa. O BNG de Ortigueira decidiu renunciar á asignación económica correspondente a estes plenos, destinando a contía a entidades sociais do concello, como mostra de responsabilidade e de respecto polos recursos públicos, ao tempo que se reclama unha mellor planificación das convocatorias para aforrar tempo e diñeiro á veciñanza.
- ★ En maio, a Plataforma Comida Digna XA reuniuse co alcalde, que prometeu que os informes da visita á residencia serían vinculantes e entregados canto antes. Catro meses despois, os informes non chegaron, e a resposta do alcalde foi que **a demora se debía a que os seus deputados estaban de vacacións**. O BNG participou na visita, elaborou o seu informe e presentouno, mentres outros responsables aínda non cumpriron cos compromisos, deixando ás persoas maiores agardando por unha comida digna.
- ★ En Ortigueira, máis de 100 persoas agardan polo Servizo de Axuda no Fogar (SAF), mentres o goberno local do PP e XA recortou 700.000 € en Atención Social Primaria. Grazas ao BNG, sacouse adiante unha moción para solicitar melloras no SAF, a pesar da abstención do PP, que logo presentou unha modificación de crédito que vai na dirección contraria. Para o BNG, isto evidencia que quen coida necesita recursos e planificación real.